



Amigos
de la Ópera
de Vigo

outono lírico 2017

ÓPERA en
VIGO

TROUBLE iN TAHITI

Leonard Bernstein

14

outubro

20.30h

teatro Afundación



RIGOLETTO

G. Verdi



5
novembro
19.30h

Entradas xa a venda

PREZOS:

Butaca e central: 65 €

1º anfiteatro: 55 €

2º anfiteatro: 45 €

3º anfiteatro: 30 €

2º e 3º anfiteatro (visibilidade reducida): 10 €

Socios AAOV, 20% de desconto

LUIS CANSINO (RIGOLETTO)
OLENA SLOIA (GILDA)
VICENT ROMERO (DUQUE DE MANTUA)
CRISTIAN DÍAZ (SPARAFUCILE)
SANDRA FERRÁNDEZ (MADDALENA)
MANUEL MAS (MONTERONE)
PEDRO MARTÍNEZ TAPIA (MARULLO)
MARINA PENAS (GIOVANNA/CONDESA DE CEPRANO)
PABLO CARBALLIDO (BORSA)
GABRIEL ALONSO (CONDE DE CEPRANO)
ANAIS FERNÁNDEZ (PAJE)

CORO RÍAS BAIXAS (DIR. BRUNO DÍAZ)
ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430
DIR. DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ
ESCENA. IGNACIO GARCÍA






Amigos
de la Ópera
de Vigo

Presenta:

TROUBLE iN TAHITI

L. Bernstein





Amigos
de la Ópera
de Vigo

OUTONO LÍRICO 2017
ORGANIZA: AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO

Xunta Directiva

Presidente: Pedro Pablo Gutiérrez González.

Vicepresidente: Daniel Diz Portela.

Secretaria: Isabel Ávila Terzi.

Tesoureiro: José Grobas Montenegro.

Vogais:

Emilia Díaz Fernández.

Marina Inés Linares Cuerpo.

Daniel Álvarez Vázquez.

PATROCINAN:

CONCELLO DE VIGO

XUNTA DE GALICIA

MECENADO:

MEDIOLANUM BANCO

GADIS

CLÍNICA DENTAL SUSANA SANTEIRO

Imaxe creativa e publicidade:
IdeasPropias Publicidad S.L.

Dirección artística: Daniel Diz Portela

Mais Información: www.amigosoperavigo.com

TROUBLE IN TAHITI

*Ópera dun acto e sete escenas. Letra e música de Leonard Bernstein.
Estreada o 12 de xuño de 1952 en Waltham, Massachusetts.*

Dinah: Beatriz Lanza (mezzosoprano)

Sam: Marco Moncloa (barítono)

The Trio: Guiomar Cantó (soprano)

The Trio: Carlos Fernández (tenor)

The Trio: José Miguel Baena (barítono)

ENSEMBLE VIGO 430

DIRECCIÓN MUSICAL

Francisco A. Moya

DIRECTOR DE ESCENA

Carlos Pardo

MESTRE CORREPETIDOR

Carlos E. Pérez

Estructura do espectáculo

ON AIR BEFORE TROUBLE

"I Hate Music!".- Guiomar Cantó

"Lonely Town".- Marco Moncloa

"It must be me".- Carlos Fernández

"Peter Peter".- Beatriz Lanza

"Somewhere".- José M Baena

"María".- Todos

"Medley West Side Story".- Instrumental

Preludio Trio

Escena I. Almorzo na pequena e
soñada casa branca

Escena II. Oficina de Sam

Escena III. Consulta do psiquiatra

Escena IV. Encontro na rúa. Comida

Interludio. Trío na casa

Escena V. O ximnasio

Escena VI. Dinah no cinema

Escena VII. Despois de cear

Percusión: Carlos Castro

Actores: Nadia Doménech e Sergio Macías

PRODUCCIÓN

Amigos de la Ópera de Vigo e Ópera Nova



TROUBLE IN TAHITI

SINOPSE

Ambientada nun suburbio rico estadounidense, a historia representa o desencanto de Dinah co seu esposo Sam, quen está máis interesado na súa carreira e nos seus entretementos máis que na súa familia.

A ópera ábrese cunha feliz cantiga, mentres o coro canta á vida suburbana dos anos cincuenta. Comeza no almorzo da parella, mentres están a discutir. Dinah acusa a Sam de indiscrecións coa súa secretaria, e Sam enfadado di que é a súa celosa imaxinación. Dinah lémbra lle a Sam que o seu fillo Junior ten unha obra escolar ese día, pero Sam di que non pode ir debido ao seu torneo de balonmán. Sam marcha a traballar.

Na seguinte escena, un encantador Sam aparece na súa oficina tratando con clientes por teléfono. Despois de cada cliente co que fala, o coro canta o seu xenio e a súa habilidade nos negocios.

A acción trasládase á oficina dun psiquiatra. Dinah cóntalle ao seu médico o soño que tivo a noite anterior, na que ela está nun xardín onde todas as plantas se volveron "semente". Logo oe ao seu pai chamándoa. Marcha, pero parece perdida. Non hai ningún sinal ou carreiro que lle diga como saír. Oe entón unha segunda voz. Todo ao seu ao redor faise máis aterrador a cada paso.

A acción regresa a Sam e á súa oficina, quen primeiro lle fala á súa secretaria, á que non se ve, e, sorprendido de ser contestado de forma afirmativa, logo dille que foi "un accidente," e suxire que ela esqueza o ocorrido.

Dinah continúa a historia do seu soño. Agora domínaa o desexo. Todo o que quere facer é tocar a cara e a man desta voz misteriosa. Finalmente ve a cara e de novo vai correndo cara a el. Cando ela finalmente se lle achega, el desaparece deixándoa no xardín e esperta.

Dinah vaise da oficina do doutor e tópase con Sam na rúa. Ambos menten sobre unha suposta cita á hora para comer con alguén, como unha escusa para non comer xuntos. Sepáranse, pero de súpeto danse conta do que acaba de ocorrer. Xusto entón lembran os días en que eran felices, e pregúntanse "Por que tiven que mentir?". Marchan, lamentando ter que comer a soas.

O coro encomia as alegrías da vida de casada. Sam está no ximnasio. Dinah está nunha sombreirería, cantando sobre a "terrible" película que acaba de ver, titulada *Trouble in Tahiti*. Ela burlase da ridícula trama da película, pero gústalle a trama romántica. Entón lembra que ten que prepararlle a cea a Sam.




TROUBLE IN TAHITI

SINOPSE

A escena final da ópera volve á casa da parella. Dinah acaba de poñer a cea e Sam está fóra, na porta de entrada, temendo a tarde que se avexiña. Gañou o seu torneo de balonmán, pero dáse conta de que cada vitoria ten un prezo. Ao final, el entra, mentres que o coro canta de xuntar "aos que se aman" cos "praceres vespertinos". Dinah está a facer punto e Sam está a ler o xornal. É unha pintura perfecta do que debe ser a vida dunha parella suburbana feliz, pero non hai felicidade na habitación, só tensión.

Sam pídelle a Dinah que falen. Pretendendo non ser consciente dos problemas, ela replica "Sobre que, cariño?" Seguen adiante coidadosamente e parece que hai pouco progreso. Desafortunadamente, volven discutir. Sam pregunta sobre a obra escolar de Junior; Dinah responde que ela non foi. Sam agora dálle unha última oportunidade e pídelle que vaia con el a ver a nova película: "Algo sobre... Tahiti?" Dinah móstrase conforme (sen mencionar que ela viu a película esa tarde), e ambos no seu foro interno desexan que se poidan reconciliar. Mentres tanto, confórmanse coas imaxes da felicidade —a "felicidade que se compra e se vende"— mostrada en "unha súper pantalla de prata." Marchan mentres o coro ironicamente parafrasean unha canción de amor da película, "Island Magic."



TROUBLE IN TAHITI

Notas de dirección

Por Carlos Pardo

Matilda Briggs acaba de chegar á casa despois dunha esgotadora xornada laboral no café restaurante onde traballa hai oito anos. Impaciente, acende a radio mentres se quita o abrigo e tira o bolso sobre a mesa da cociña. Albert, o seu fillo, entra na casa coma unha locomotora, acompañado da señora Dawson. Como premio, recibe unha cotenada e un "sssshhhhhhh" do índice contra os beizos da súa nai: o programa preferido de mamá vai empezar. Hoxe, o melodrama chámase *Trouble in Tahiti* e promete ser un programa apaixonante. É hora de asistir ao programa que escoita Matilda. Metámonos na súa mente e vexamos como o son se transforma en luz e cor.... Como imaxina un barroquésimo lugar e uns músicos tan elegantes como os mozos daquel hotel en Pasadena onde celebrou a súa noite de vodas con Jason. Vexamos polos seus oídos, o programa empeza. O primeiro, os anuncios e as súas graciosas melodías. A nosa posta en escena, lonxe de ser unha recreación histórica dos Estados Unidos da época en que Berstein compuxo esta obra, vai ser unha fantasía nacida na mente da nosa inventada protagonista Matilda. Luces e sombras, cores e espellos, entremos no seu cerebro e vexamos polos seus oídos.



TROUBLE IN TAHITI

A los que se aman ..

Por Daniel Diz

Frase que, como coro grego, canta o trío desta ópera ao final desta reflectindo a dolorosa situación da parella protagonista. Sam e Dinah teñen todo o que pode desexar un matrimonio da clase media norteamericana de posguerra: unha bonita casa nos arredores, un fillo, un coche, todas as comodidades..., pero fálalles o máis importante, o amor e a complicidade na parella. Cada un está illado no seu propio mundo e non sabe como chegar ao outro.



É curioso!, Bernstein compuxo esta obra sobre o desamor en 1951, en plena lúa de mel. Con esta pásalle factura aos seus pais e a situación que como neno viviu na súa casa. O protagonista chámase Sam, como o seu pai. A ela quíxolle chamar Jesse, como a súa nai, pero finalmente púxolle o nome de Dinah, a súa tía. Ambos viven unha tremenda situación: desexan que o outro o ame pero rexéitanse pois fálalles o amor. Un momento autobiográfico da obra, e conmovedor, é cando ningún dos pais vai ver actuar o seu fillo na obra de teatro colexial. Curiosamente, o pai de Bernstein tampouco foi velo cando, con 10 anos, interpretou o concerto para piano de Grieg.

Bernstein foi o primeiro gran compositor norteamericano que non estudou en Europa e o primeiro norteamericano que dirixiu en La Scala. Foi un brillante divulgador musical, compositor, pianista e director. Con 27 anos, e sen ensaios previos, dirixiu a Filarmónica de Nova York por indisposición de Bruno Walter.

A súa faceta como compositor é variadísima, ten influencias do jazz, da música clásica e do folclore norteamericano. No seu haber podemos atopar, entre outras pezas: musicais de Broadway, dúas sinfonías, unha misa, a banda sonora da película *A Lei do Silencio* (Elia Kazan), música para teatro, e 4 óperas (*Trouble in Tahiti*, *Candide*, *On The Town* e *A Quiet Place*).

En 1983, Bernstein retomaríase os nosos personaxes na súa última ópera: *A Quiet Place*. Na mesma Dinah, despois de 30 anos de matrimonio con Sam e dous fillos que viven en Canadá, falece nun accidente de automóbil provocado polo alcol. A obra descríbennos as turbulentas relacións entre a familia e, con grande acerto, aparece *Trouble in Tahiti* como un flashback dentro do acto II. Pero isto xa é outra historia. Mentres tanto, emocionémonos con esta obra que a AAOV estrea en Galicia.



Beatriz Lanza (mezzosoprano) Dinah

Nace en Santander, onde inicia os seus estudos de piano e canto para proseguilos na Escola Superior de Canto de Madrid, e completa a súa formación en Valencia coa mestra Ana Luisa Chova.

Debuta no Teatro Lírico Nacional de la Zarzuela de Madrid nunha versión de Pier Luigi Pizzi da *Canción del olvido* (J. Serrano). A súa carreira neste xénero é tan frutífera como exitosa, e está considerada como unha das cantantes novas máis sólidas e de maior prestixio neste xénero. Ademais chegou a ser nomeada en dúas ocasións para os premios Max de Teatro polos seus traballos en *La generala* (A. Vives) e en *La calesera* (F. Alonso).

Cantou zarzuela nos máis importantes escenarios españois (Maestranza, Villamarta, Gayarre, Principal, Vitoria Eugenia, Zarzuela...). *El barberillo de Lavapiés* e *Pan y toros* (F. A. Barbieri), *El huésped del sevillano* e *La rosa del azafrán* (J. Guerrero), *Luisa Fernanda* e *La chulapona* (F. M. Torroba), *Doña Francisquita* (A. Vives), *La del manojo de rosas* (P. Sorozabal) ou *El juramento* (J. Gaztambide) son algúns dos máis de 20 títulos que posúe no eu repertorio.



Protagonizou as estreas mundiais *La madre invita a comer* (L. de Pablo-V. Molina Foix), *El cristal de auga fría* (M. Manchado-R. Montero), *La casa de Bernarda Alba* (M. Ortega-García Lorca) e a ópera para nenos de M. Sotelo *Dulcinea* nunha coprodución de, entre outros, os teatros Real de Madrid, Gran Teatro del Liceu e La Maestranza.

Cantou as óperas *Il barbiere di Siviglia* (Rosina) e *La cenerentola* (Angelina) de G. Rossini, *Le nozze di Figaro* (Cherubino) e *Don Giovanni* (Zerlina) de W. A. Mozart, *Andrómaca* (Ermione) de Martín y Soler, *Aci e Galatea* (Galatea) de G. F. Haendel, *Orfeo ed Euridice* (Euridice) de Gluck, *Carmen* (Carmen) de Bizet, *La traviata* (Flora) e *Aida* (Amneris) de Verdi, *Le fille du régiment* (Marquise) de Donizetti..., ademais das súas innumerables gravacións en directo para RNE gravou para Harmonía Mundi K617 *L'incoronazione di Poppea*.

Traballou cos seguintes directores escénicos e musicais nas anteriores montaxes: J. Font, N. Espert, M. Gtrrez. Aragón, J. Chávarri, C. Bieito, J. Castejón, C. Alfaro, G. Tambascio, E. Sagi, G. Maya, A. Zedda, O. Alonso, B. Lauret, M. Ortega, J. R. Encinar, M. Fdez. Silva, K. Kahn, M. Armigliato, M. Roia, J. Pons, E. Hull...

Todo iso nos máis prestixiosos teatros españois (Arriaga, Zarzuela, Campoamor, Maestranza, Gran Teatro de Córdoba...), así como no Festival de Beaune (Francia), Festival de Granada ou os teatros italianos La Fenice (Venecia) e Massimo (Palermo).



Marcos Moncloa (barítono) Sam


Nacido en Barcelona, nunha familia de músicos. Comezou os seus estudos musicais coa súa nai, a mestra Dolores Marco; continuou a súa formación na Escola Superior de Canto de Madrid, licenciouse con Julián Molina e perfeccionou a súa técnica con Román Mayboroda, Linda Mirabal, Giulio Zappa e Claudio Desderi. Foi premiado en diversos concursos como o de Juventudes Musicales, Logroño, Guerrero...

Marco Moncloa cantou nos teatros e festivais máis importantes (Teatro Real, Teatro de la Zarzuela, Auditorio Nacional, Festival de Galicia, Teatro Maestranza, Ópera de Tenerife, Teatro Campoamor, tempada de ópera da ABAO, Palau de Les Arts, Teatro San Carlo de Nápoles, entre outros) en óperas como *Un ballo in maschera*, *Carmen*, *Faust*, *Il barbiere di Siviglia*, *Così fan tutte*, *La cambiale di matrimonio*, *Andrea Chénier*, *Werther*, *L'elisir d'amore*, *La damnation de Faust*, *Salome*, *Ernani*, *L'amico Fritz*, *Turandot*, *La Dolores*, *Marina*, *Tosca*, *Les contes d'Hoffmann*, *La notte d'un nevrastenico*, *Manon*, *La traviata*, *Il viaggio a Reims*, *Rita*, *La sonnambula*, *Gianni Schicchi*, *Jenufa*, *A raposa astuta*, *The miserly knight*, *Happy End*, *Romeo et Juliette*, *La Partènope*, *Rigoletto*, *Katia Kabanová*, *Manon Lescaut*, *Turandot*, *Andrea Chenier*, *La bohème...* e en multitude de zarzuelas (*El barberillo de Lavapiés*, *Calipso*, *La corte de Faraón*, *El juramento*, *La verbena de la Paloma*, *La del Soto del Parral*, *El manojó de rosas*, *Gloria y Peluca...*), xénero no que foi galardoado pola Fundación Guerrero.

Traballou con orquestras como: Orquesta y Coro Nacional de España (*La Damnation de Faust* de Berlioz), Orquesta de RTVE, Orquesta y Coro de la Comunidad de Madrid, Orquesta de Castilla y León (*9.ª sinfonía* de Beethoven), Orquesta Sinfónica de Madrid, entre outras, baixo a dirección musical de J. L. Cobos, Fourniller, Zedda, P. Steinberg, Dolores Marco, Montserrat Font Marco, Roa, Pons, Ortega, Carella, Palumbo, P. Halffter, Allemandi, Gelmetti, Belonhlavek, Leaper, Soler e escénica de Bieito, Tambascio, Sagi, Pizzi, G. del Mónaco, N. Espert, F. López, Vera, G. Friedrich, C. Pardo, L. Moncloa, L. Kemp, Robert Carsen, Cappelletti, L. Olmos, Graham Vick...

Das súas actuacións cabe destacar o seu debut no rol de Rigoletto, así como Escamillo de *Carmen* co Zomeropera Festival (Bélxica), con grande éxito de público e crítica, ademais de *Nabucco* en Schwerin (Alemaña). As súas últimas producións co Teatro da Zarzuela son *Curro Vargas* e *La del Soto del Parral*, esta última para o Teatro de la Maestranza.

Proximamente cantará un concerto homenaxe a Rafael Fernández Shaw co pianista Aurelio Viribay na sala Manuel de Falla (SGAE) e fará o seu debut no rol do Conde de *Luna de Il trovatore* de Verdi en Bélxica.



Guiomar Cantó (soprano) The Trio

Desde moza perfeccionou a súa técnica de piano co catedrático don Manuel Carra. Ademais da licenciatura de Dereito e ADE na UCM obtivo en 2013 a Titulación Superior de Canto na Escm.

Ampliou os seus estudos con Virginia Zeani, Anna Tomowa-Sintow, Dolora Zajick, Carlos Aransay, Carlos Chausson, Raúl Giménez, Mariella Devia, Francisco Araiza e Giulio Zappa.



En 2012 gañou a bolsa-concurso Ángel Vegas e foi finalista do concurso permanente de Juventudes Musicales. En 2015 gañou o premio concedido pola AAOM dun recital dentro do seu programa para Xoves Cantantes. En 2016 no Concurso Francesc Viñas recibiu o Premio Ferrer-Salat e foi finalista no concurso Enzo Sordello en Italia. En 2017 foi finalista do XIV Certame de Nuevas Voces de Sevilla e gañadora do Premio de Excelencia no Concurso Internacional de canto Hariclea Darclée en Romanía.

Cantou con The Czech Opera Symphony Orchestra (Virtuosi Brunensis), The Darclée Festival Orchestra, a Orquesta Sinfónica de Tenerife, a JORCAM, a Orquesta del Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, a Orquesta Lírica Amadeo Vives, a Orquesta Lírica de Castelló, a Orquesta Sinfónica de la Región de Murcia e a Orquesta Sinfónica Ciudad de Getafe.

Interpretou os personaxes principais de zarzuela como Teresa (*Don Quintín el amargao*), Visita e Nieves (*El bateo*), Rosaura (*Los gavilanes*), Susana (*La verbena de la Paloma*), La Antonelli (*El dúo de la africana*) e Tecla (*El chaleco blanco*) nos Teatros del Canal.

O seu debut internacional foi en 2014 no Festival Rossiniano en Bad Wildbad interpretando Corinna de *Il viaggio a Reims*, onde tamén gravou o papel de Delia con Naxos e cantou a première da cantata *Il voto filiale* de Rossini. Outros dos seus papeis de ópera representados son Die Königin der Nacht, Zweite Dáme e Pamina (*Die Zauberflöte*), Gretel (*Hänsel und Gretel*), Adina (*L'elisir d'amore*), Micaela (*Carmen*), Annina (*La Traviata*), Mimì (*La Bohème*) que cantou no Teatro Principal de Castelló e Antonia e Giulietta (*Les contes d'Hoffmann*) no 2017 no Auditorio de Tenerife.



Carlos Fernández (tenor) The Trio

Nacido en Madrid, onde se formou como cantante na Escola Superior de Canto de Madrid e como actor no estudio de Juan Carlos Corazza.

Interpretou máis de 20 títulos de zarzuela nos principais teatros de España: *La vida breve* (Paco), *La dolorosa* (Rafael), *La del manojo de rosas* (Ricardo), *Los gavilanes* (Gustavo), *La rosa del azafrán* (Moniquito), *La verbena de la Paloma* (Julián), *La corte de Faraón* (Putifar, Casto José), *La alegría de la huerta* (Alegrías), *Cádiz* (El Rubio), *Benamor* (Benamor), *El canastillo de fresas* (Bautista), *Doña Francisquita* (Cardona, Lorenzo Pérez), *Luisa Fernanda* (Javier, el saboyano), *La del Soto del Parral* (Damian), *Gigantes y Cabezudos* (Jesús), *La tabernera del puerto*, *La canción del olvido*, *El dúo de la africana* (Giuseppini), *Los claveles*, *La parranda* e *Adiós a la bohemia*.

Foi tenor titular da Compañía Lírica Española, Musiarte producciones, Compañía Lírica de zarzuela de Madrid, Ferro teatro, Producciones Guridi, José Luis Moreno Producciones etc. Participou nas seguintes óperas: *Rigoletto*, *Manon Lescaut*, *Lohengrin*, *O holandés errante* e *Tannhäuser* no Teatro Real de Madrid, La Maestranza de Sevilla, o Campoamor de Oviedo, Palacio de congresos de Oviedo, Palacio de Festivales de Santander, Palacio Euskalduna, o Liceo de Barcelona e o Teatro Cervantes de Málaga.

Entre 1992 e 2007 participou como solista en grandes montaxes de teatro musical tales como *Madrid*, Madrid (Apolo), *Los miserables* (Nuevo Apolo, Madrid), *El diluvio que viene* (Teatro Calderón, Madrid), *Temporada de Ópera* (Teatro Calderón, Madrid), *La maja de Goya* (Nuevo Apolo, Madrid), *El hombre de la Mancha* (Lope de Vega, Madrid e xira), *Memory* (Alcazar, Madrid e xira por España), *Peter Pan* (Haagen Dazs Calderon, Madrid e xira), *El hombre de la Mancha* (Haagen Dazs Calderón, Madrid), *We Will Rock You* (Haagen-dazs Calderon e xira), *La corte de Faraón* (Teatro Latina, Madrid), *My Fair Lady* (Coliseum, Madrid), *Poeta en Nueva York* (Lope de Vega e xira), *El fantasma de la ópera* (Lope de Vega, Madrid), *Cuento de Navidad* (Haagen-dazs Calderon, Madrid e xira), *Casiopea* (Teatro Fígaro), *La abeja Maya* (Teatro nuevo Alcalá e xira). Da man de Paloma San Basilio percorreu a maior parte do territorio de Estados Unidos e América latina actuando nos seus teatros e auditorios máis importantes. Colaborou en numerosas xiras españolas coas seguintes montaxes: *El espíritu de Broadway* (Algoquin, SL); *La isla del tesoro* (Insomnio Teatro); *Blancanieves, el musical* (Guti Producciones/Sketch eventos). *La flauta mágica*, *El gran juego de Verdi* e *El cascanueces* (Ferro Teatro), *Barrio Sésamo* (Planeta Júnior), *La abeja Maya* (Limac), *Heidi* (Islas Canarias Producciones), *Historia de una escalera* (Cermar).





José María Baena (barítono) The Trio


O barítono madrileño José Miguel Baena iniciou a súa formación en Alemaña con Ruth Frenk, e proseguíuna en España coa soprano cubana Mayda Galano, o barítono ruso Boris Godin, o pianista Josu Okiñena e a soprano Almudena Ortega. Actualmente estuda e amplía o seu repertorio con Tony Madigan. Así mesmo, asistiu a clases maxistras de Thomas Hampson e traballa regularmente co barítono Joan Pons.

Debutou en 2007 no Teatro Lírico Nacional da Habana cantando o papel de Giorgio Germont nunha produción de *La traviata*. Desde entón cantou Verdi, Puccini (*Madama Butterfly*, *Il tabarro*), Mozart (*Die Zauberflöte*, *Le nozze di Figaro*), Haydn (*Armida*), e tamén zarzuela (*Luisa Fernanda*, *La verbena de la Paloma*, *Los gavilanes*, *La rosa del azafrán*, *La corte de faraón*, *El barbero de Sevilla*, *La del manojo de rosas*).

Tamén cultivou o *lied*, e precisamente cantando cancións de Mahler e Tchaikovski debutou no Auditorio Nacional en 2011, acompañado polo Ensemble Atalanta. Na súa actividade concertística o seu repertorio centrouse no oratorio (Bach, Händel, Haydn, Brahms, Fauré e Berlioz), o *lied* (Schubert, Schumann, Brahms e Mahler), a *mélodie francesa* (Ravel e Fauré) e a canción española (Falla, Lorca e Guridi)

Formouse como actor no Estudio Corazza de Madrid, onde estudou con mestres como José Olmo, Antonio Ocampo, Ana Graza, Andrea Mizes e Pedro González. Debutou no madrileño Teatro Español representando o auto sacramental *Donde mira el ruiseñor cuando cruje una rama*, de Hugo Pérez de la Pica, coa Compañía Tribueñe, en marzo de 2013. En outubro de 2015 actuou na Sala Preodolonye de Moscova, na obra *Os invitados do pasado*, do Kamin Teatru de Moscova, dirixido por Anna Makagon e Ilya Brichkin, na que interpretou escenas de Chejov e Gogol. Así mesmo, en 2016 participou en *El corazón entre ortigas*, con dramaturxia de Eusebio Calonge e dirección escénica de Paco da Zaranda (La Zaranda), que se repuxo en 2017.

Entre as súas actuacións máis recentes destacan a interpretación da parte do barítono na montaxe de *Carmina Burana* da OCAI e A Fura dels Baus, dirixido por Carlus Padrissa, no Auditorio Padilla de Almería. En 2016, interpretou o papel de Noé na ópera *O diluvio de Noé*, de Benjamin Britten, nunha produción de Zamira Pasceri con esta mesma orquestra, dirixida por Michael Thomas. Ademais, protagonizou, no papel de Xudas, a estrea do drama sacro *Jesús de Nazaret*, escrito por Julián Santos con música de Roque Baños, que tamén dirixiu á Orquestra da UCAM e á Coral Discantus, que se repoñerá este ano.



Francisco A. Moya Director



Natural de Villahermosa (Cidade Real), inicia os seus estudos musicais no seo da Banda Municipal da súa localidade, da man de J. Fco Castell e do organista parroquial J. Andrés Gallego.

Pronto ingresa no Conservatorio de Música de Manzanares, onde se forma con Guillermo Calero, iniciándose á súa vez nos estudos de saxofón con Miguel Lozano. Máis tarde accede ao Conservatorio Profesional de Música Marcos Redondo de Cidade Real, onde obtén o título de profesor de Saxofón con José Alfonso Cruz, logrando ademais o Premio Extraordinario do seu instrumento.

Neste centro iníciase nos estudos de harmonía con Jesús Nava, profesor que lle anima a continuar os estudos de Contrapunto, Fuga e Composición.


Seguidamente ingresa no Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia, onde finaliza o grao superior na especialidade de Saxofón co Profesor Miguel Llopis, conseguindo a Mención de Honra Fin de Carreira, obtendo ademais o título profesional de Piano e concluindo os estudos de harmonía con Rafael Talens e Ferrer Ferrán.

A súa paixón pola Composición, lévalle a continuar e finalizar os estudos superiores desta especialidade no Conservatorio Profesional de Música Teresa Berganza de Madrid e no Real Conservatorio Superior de Música desta cidade, formándose en Contrapunto, Fuga, Orquestración e Composición con profesores como Juan Carlos Panadero, Valentín Ruíz, Manuel Seco de Arpe e Antón García Abril. Posúe un amplo catálogo de obras de Música de Cámara, Banda, Orquestra e Música Cinematográfica. Aínda que hoxe en día a súa preferencia ocúpana os arranxos e as orquestracións, non lle gusta rexeitar ningún xénero musical, tanto é así que acaba de estrear recentemente o seu primeiro musical *PLATERO*, con libreto de Juanma Cifuentes. Será no citado Conservatorio Profesional de Música Teresa Berganza de Madrid onde conseguirá tamén o título de Profesor de Acompañamento, Transposición, Solfexo e Teoría da Música, cursando estes estudos con Carlos Galán, Sebastián Mariné e Emilio Molina.

No Real Conservatorio Superior de Música de Madrid obterá tamén o título superior de Dirección de Orquestra, baixo a tutela dos profesores Francisco García Nieto e Antonio Moya Tudela.

É precisamente no mundo da dirección orquestral onde centra maiormente a súa carreira profesional, ampliando a súa formación na Bard University (Nova York), con profesores como Leon Botstein, Apo Hsu, Lawrence Golan; na Escola de dirección de orquestra Ilia Musin (San Petersburgo) co profesor Ennio Nicotra.; na Accademia musicale Chigiana (Siena) con Gianluigi Gelmetti; no Royal Northern College of music (Manchester) con Ben Zander.

Na actualidade é, por oposición, profesor de Fundamentos de Composición do Conservatorio Profesional de Música Alcázar de San Juan-Campo de Criptana, Director titular da Orquestra Filarmónica de la Mancha e director musical da compañía "Produccións Telón".



Carlos Pardo (produtor e director escena)



Desde o inicio da súa carreira como tenor, compaxinou a súa actividade artística co da produción e dirección de diversos espectáculos relacionados co mundo da música clásica en xeral e a lírica en particular.

A necesidade de facer da ópera e a zarzuela algo máis que un espectáculo esteticamente belo e a obriga como cidadán namorado da escena, de atopar esa función social da arte, guiaron aos poucos a este tenor, desde un profundo sentimento do artístico como elemento comprometido coa sociedade á que vai dirixido, a achegar un gran de area ao esforzo da ópera e a zarzuela, para mellorar o mundo que nos rodea.

En abril de 2000 estrea o seu primeiro espectáculo como director de escena *Un viaje por la historia de la ópera*. Nos anos seguintes dirixirá a ópera *Bastienn und Bastienne* (2001), de W. A. Mozart; os espectáculos *Charlas con Mozart* (2003), *Stabat* (2005), *Música y Mujer* e o 15 de marzo de 2007 dirixe a estrea en España da ópera contemporánea *Curlew River*, de B. Britten (Teatro Circo de Albacete, 15 de marzo, inicio de xira, reposta posteriormente en outubro de 2015 na tempada de ópera de Vigo con críticas moi positivas en *Ópera Actual*, *Scherzo* e a revista internacional *Opera*). En maio do mesmo ano escribe e dirixe a obra musical *Café y Cuplés*.

En marzo de 2010 dirixe a zarzuela *Las reparadoras* na súa estrea absoluta (Teatro Federico García Lorca, de Getafe) e en maio do mesmo ano, dirixe o musical *Soñando Broadway* no Teatro Auditorio de Boadilla del Monte. En decembro de 2011 dirixe a zarzuela *La Marcha de Cádiz*, de Valverde Fillo, en maio de 2011 dirixe *La Manola del Portillo* de Luna y Torroba. En outubro de 2011 dirixe *La corte de Faraón*, de V. Lleó e o 28 de outubro dirixe a estrea do espectáculo *Mafia Café* dentro do Festival Madridsur de Teatro, produción coa que gaña o premio especial do público e o premio á mellor interpretación. En decembro dirixe *La corte de faraón*. En marzo de 2012 dirixiu *Los gavilanes* e en maio *Los claveles* e *La verbena de la Paloma*. En decembro de 2012 dirixe a ópera *Madama Butterfly* de G. Puccini no Teatro Francisco Rabal, de Pinto. Desde 2013 a 2015 dirixe: *Gigantes y cabezudos*, *Katiuska*, *la mujer rusa*, e *La del manojó de rosas* dentro da xira da Red de Teatros de la Comunidad de Madrid. En 2014-2015 Escribe e dirixe *Carmen Ecuestre*; *Petipá el legado de un genio*; *Las coplas de Ana y Miguel*; *Danza, Carmen!* e *Charlas con Mozart*.

En marzo de 2016 estrea a súa versión sobre *Atraco a las tres* con grande éxito de crítica e público. O dous de maio de 2016 estrea *Nijinsky*, el bailarín loco del zar dramatruxia para corpo de ballet e actor. O 22 de maio dirixe a estrea da produción de Opera Nova de *La canción del olvido*, en Getafe. O 28 de xaneiro de 2017 dirixe a estrea absoluta da obra *RELAX: DECONSTRUYENDO A LOS CLÁSICOS*.



ÓPERA NOVA

A compañía tivo o privilexio de facer xiras en distintas redes de teatros durante varias tempadas desde a súa creación (Redes de Teatros de Madrid, Castela e León, Castela-A Mancha e Comunidade Valenciana). Participou en diversos festivais internacionais de música: Are-more, de Vigo, Festival Internacional de Música de Segovia, Internacional de Música Sacra de la Comunidad de Madrid, Festival Internacional de la Fundación Príncipe de Asturias, Distrito Artes, do Concello de Madrid, Festival Internacional de Música Sacra de Hellín, Clásicos en el Verano, da Comunidad de Madrid, IME de Salamanca, Festival de Ópera de Vigo.

LÍRICA

Esta compañía levou a escena, con grande éxito de crítica e público, as óperas *Madama Butterfly* de G. Puccini, *Bastien und Bastienne* de W. A. Mozart, *L'elisir d'amore* de G. Donizetti, a *Cantata del Café* de J. S. Bach, *Uccellatrice*, de G. Jommelli, *Il re pastore* de W.A. Mozart, *Dido and Aeneas* de H. Purcell e *Il sacrificio di Abramo* de C. de Rossi.

Realizou os espectáculos *Stabat*, dramaturxia sobre o Stabat Mater de Pergolesi; *A Paris voy: la zarzuela del exilio* e *Qué tiempos aquellos*, dúas obras coa zarzuela como fio condutor; *Wolfy*, espectáculo pedagóxico sobre a vida e música de Mozart; *Música y mujer*, unha análise sobre o trato que a muller recibiu na música lírica nacional e internacional. Así como, a estrea absoluta en España da ópera contemporánea *Curlew River* de B. Britten, con escenografía e vestuario da artista Ouka Leele, no Teatro Circo de Albacete. Reestrea da zarzuela *El día de Reyes* de M. Penella.

En 2009, estreou *Café y Cuplés* obra de teatro musical sobre este xénero lírico.

Estrea en 2010 a zarzuela *Las reparadoras*, con libro propio, así como o musical *Broadway* e a zarzuela *La marcha de Cádiz*. En 2011 estrea a produción *La Manola del Portillo* e en novembro gaña dous dos tres premios do Festival Madrid Sur de Teatro coa obra escrita e dirixida por Carlos Pardo, *Mafia Café*.

No primeiro semestre de 2012 estrea as producións das zarzuelas *La Corte de Faraón*, *Los gavilanes*, *Los claveles* e *La verbena de la Paloma*, en Cidade Real, Aranjuez, Pinto e Getafe.



En decembro de 2012 estrea produción da ópera *Madama Butterfly*, en Pinto obra incluída na rede de teatros no segundo semestre 2013 e primeiro de 2014. En xaneiro de 2014 estrea *cuentodenavidad.es*, dramaturxia sobre a obra homónima de C. Dickens.

En febreiro, estrea produción da zarzuela *Gigantes y cabezudos* en Aranjuez.

O sete de maio estrea *Las coplas de Ana y Miguel*, ópera-ballet, produción do Teatro Federico García Lorca de Getafe.

No primeiro semestre estrea en colaboración coa compañía ecuestre Francisco Canales *Carmen Ecuestre*, dramaturxia para solistas, coro e coreografía para 16 cabalos; *Katiuska, la mujer rusa* e, en colaboración co Ballet Luís Ruffo *Petipá, el legado de un genio*, dramaturxia sobre a vida do famoso coreógrafo francés. De xaneiro a maio, representa a *La del manojó de rosas* no Teatro Victoria de Madrid, obra que está incluída na Rede de Teatros de Madrid o último semestre de 2015 e primeiro de 2016. Durante setembro de 2015 representa *Los claveles* no mesmo teatro.

O 28 de outubro 2015 representa a ópera *Curléw River* no Festival de Opera de Vigo.

En febreiro 2016 estrea dentro da xira no Festival de Música Sacra de Getafe, o espectáculo *MATER* con música de Pergolesi e textos de autores españois.

O cinco de marzo estrea a comedia teatral *Atraco a las tres* en Getafe.

O dous de maio, estrea o espectáculo de danza *Nijinsky*, el bailarín loco del zar, en Getafe.

O 22 de maio, estrea produción da zarzuela *La canción del olvido*.

Durante todo 2016 realiza xira na Red de Teatros de la Comunidad de Madrid coa zarzuela *Los claveles*.

En xaneiro de 2017 estrea *Relax: deconstruyendo a los clásicos*.



Ensemble 430

Contrabaixo

Raquel Miguélez Iglesias

Clarinete

Andrea Álvarez Martínez

Trompeta

Adrián Viñas Alonso

Trombón

Jesús Vicente Monzó

Percusión

David Rodríguez García

Percusión


Carlos Castro Roig

Piano

Brais González Pérez



EV ENSEMBLE
430 VIGO
430



RIGOLETTO

G. Verdi

novembro

19.30h

teatro Afundación

PREZOS:

Butaca e central: 65 €

1º anfiteatro: 55 €

2º anfiteatro: 45 €

3º anfiteatro: 30 €

2º e 3º anfiteatro (visibilidade reducida): 10 €

Socios AAOV, 20% de desconto



Conferencias

ENTRADA LIBRE

Sala de Conferencias do Centro Social Afundación. Policarpo Sanz, 24. Vigo, 20.00 h.

19 de outubro

"O Anel do Nibelungo e o postmodernismo"

Enrique Gavilán. Profesor Universidade de Bayreuth.

31 de outubro

"A mantenta de Rigoletto"

José Luis Téllez. Crítico e musicólogo.

7 de novembro

"Heroínas verdianas: Gilda e as súas irmás"

Victoria Stapells e Arturo Reverter. Críticos.

Máis info en amigosoperavigo.com

GADIS

*Moi Preto de ti...
e da Cultura*

GADIS participa no mecenado da tempada "Outono Lírico 2017" de Amigos de la Ópera de Vigo

Lleva a la ópera tu mejor sonrisa



Dra. Susana Santeiro
CLÍNICA DENTAL

La cultura es la sonrisa que brilla en todos lados

susanasanteiro.es



Gestionamos
el esfuerzo
y las ilusiones de
nuestros clientes
a través del
cuidado de
sus finanzas.

bancomediolanum.es

